



Veciñanza solicita unha maior contribución do Concello na difusión da oferta cultural, deportiva e de lecer en Cuntis

Veciñanza propón a creación dun boletín que aglutine as distintas actividades que se organizan ao longo do ano en Cuntis. Tamén reclama o aproveitamento dos recursos dixitais para unha mellor difusión das actividades tanto municipais como do tecido asociativo, deportivo e cultural do noso municipio. Toda aquela actividade apoiada con recursos públicos (xa sexan económicos ou materiais) debera ter o soporte informativo da administración local. A iniciativa será levada ao próximo pleno a xeito de moción.

Cuntis, 20 de outubro de 2016. **Veciñanza ofrece unha nova proposta** para tratar de avanzar cara a un escenario de maior participación nas actividades que se organizan ao longo do ano en Cuntis, así como maior difusión das mesmas. Preséntase como necesaria **a creación dun boletín que periodicamente recolla toda a oferta** cultural, deportiva e de lecer que, de maneira directa ou indirecta, ten o soporte do Concello. Do mesmo xeito, non entendemos cal é o motivo polo que non se aproveitan debidamente os soportes dixitais que o Concello ten, de balde, á súa disposición, tales como as redes sociais. Capítulo á parte merecen as páxinas webs municipais (tanto a principal como a específica de Turismo), cuxa aportación non só é nula senón que xera gran confusión. Dende unha posición construtiva, e coa pretensión de aportar ideas, Veciñanza presentará no próximo pleno unha proposta neste sentido para que o Goberno local impulse unha idea que reportará beneficios tanto a entidades como a veciños/as.

Cuntis conta cun gran número de entidades veciñais que promoven ao longo do ano unha gran oferta de actividades que complementa e amplía a que ofrece o Concello. Isto convértenos nun municipio vivo e dinámico, cunha variada oferta cultural, deportiva e de lecer impulsada por un tecido asociativo que conta con **moita xente que desinteresadamente adica moitos esforzos e recursos a organizar propostas para os/as demais**. Malia isto, obsérvase unha **falta de coordinación na súa difusión**, o que dificulta que veciños e veciñas tanto da vila como do rural accedan a unha información completa que lle poida reportar aos/ás propios/as organizadores/as de cada actividade mesmo maior participación nas mesmas.

Cuntis presenta claras deficiencias neste eido. **Os medios de difusión dos que dispón o Concello oscilan entre a non difusión das actividades e a non actualización da información**. Páxinas web, redes sociais e boletíns impresos límitanse, no mellor dos casos, a informar de maneira puntual de programas concretos de cada área, **sen difundir nin tan sequera actividades nas que o Concello de Cuntis colabora ben sexa de maneira directa (incluso economicamente) ou indirectamente**. Existe un desamparo informativo no relativo á difusión da oferta de lecer, cultural e deportiva da que dispón o noso municipio. Co máximo respecto á autonomía de cada entidade, toda aquela actividade apoiada con recursos públicos (xa sexan económicos ou materiais) debera tamén ter o soporte informativo da administración local para facilitar a participación veciñal na medida do posible.